

REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN DEPORTIVAS EXTERNAS

INDICE

CAPITULO 1: ÁMBITO DE APLICACIÓN

CAPÍTULO 2: PARTICIPACIÓN NAS COMPETICIÓNS DEPORTIVAS EXTERNAS

CAPÍTULO 3: COMPROMISOS DA ÁREA DE DEPORTES

CAPÍTULO 4: OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

CAPÍTULO 5: RÉXIME DISCIPLINARIO

- Disposición derogatoria

CAPÍTULO 1: ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1: As competicións deportivas externas

Para os efectos deste regulamento teñen a consideración de competicións deportivas externas as competicións e probas deportivas nas que participe a Universidade da Coruña xunto con outras entidades, ben sexan de carácter interuniversitario, federado, ou de calquera outra índole.

Artigo 2: As persoas participantes

Para os efectos deste regulamento teñen a consideración de persoas participantes todos os deportistas, delegados, adestradores, técnicos e/ou árbitros que representen á Universidade da Coruña nas distintas competicións e probas deportivas externas, ben sexan de carácter interuniversitario, federado ou de calquera outra índole.

CAPÍTULO 2: PARTICIPACIÓN NAS COMPETICIÓNS DEPORTIVAS EXTERNAS

Artigo 3: Asistencia ás competicións

Correspóndelle ao Área de Deportes organizar a participación da Universidade da Coruña nestas competicións e atender as propostas que puideran realizar as persoas pertencentes á comunidade universitaria

Artigo 4: Disponibilidade orzamentaria

Non obstante o dito no artigo anterior, a participación da Universidade da Coruña nas competicións deportivas universitarias externas estará sometida aos acordos da Comisión de Deportes sobre a conveniencia da asistencia a estas en base a criterios económicos e/ou de disponibilidad orzamentaria.

A Comisión de Deportes poderá aprobar anualmente un teito máximo de gasto para cada un dos programas de participación en competicións deportivas externas (universitarias, federadas, etc.) así como un custe máximo por deportista e día de competición que sirva para determinar a asistencia ou non a cada unha das competicións deportivas oficialmente convocadas.

Artigo 5: Condición e requisitos xerais esixidos ás persoas participantes

5.1 As persoas aspirantes a representar á Universidade da Coruña haberán de cumprir todos os requisitos establecidos neste regulamento e na normativa que o desenvolva.

5.2 Será necesario ter a condición de estudante, PDI ou PAS da Universidade da Coruña segundo os termos recollidos ao respecto nos Estatutos da Universidade da Coruña e na normativa de desenvolvemento destes. Non obstante, a Área de Deportes terá en consideración tamén as posibles restricións establecidas a maiores pola normativa específica de cada unha das competicións.

5.3 Excepcionalmente, por causa xustificada e sempre e cando a normativa da propia competición de que se trate o permita, poderá ser autorizada a participación de persoas non pertencentes á comunidade universitaria da Universidade da Coruña.

Artigo 6: Criterios específicos de selección de deportistas por modalidade e competición deportiva

6.1 A Área de Deportes elaborará uns criterios de selección de deportistas para cada competición e modalidade deportiva nos que se establecerán os requisitos mínimos que deben cumprir as persoas aspirantes así como as normas aplicables para establecer unha orde de prelación entre elas, no caso de ser necesario.

6.2 Estes requisitos e criterios serán aprobados pola Comisión de Deportes, revisaranse anualmente e serán publicados na páxina web da Área de Deportes.

6.3 Para establecer estes criterios, a Área de Deportes poderá contar co asesoramento entre os técnicos dos clubs e/ou as federacións deportivas do contorno.

6.4 No caso de non existir aínda criterios de selección específicos para algunha competición ou modalidade deportiva, o persoal técnico da Área de Deportes levará a cabo a selección, podendo recorrer ao asesoramento de técnicos deportivos especialistas na modalidade de que se trate.

Artigo 7: Aplicación e verificación dos requisitos e criterios establecidos

A aplicación e verificación dos criterios e requisitos correspondentes a cada modalidade deportiva corresponderá ao responsable técnico nomeado pola Área de Deportes en cada unha delas.

Estas persoas tamén serán as responsables da dirección das probas de selección ou das competicións clasificatorias das súas modalidades deportivas, no caso de habelas.

Artigo 8: Obrigatoriedade de participación nas competicións internas

No caso de competicións interuniversitarias, será condición necesaria para que unha persoa sexa seleccionada o ter participado nas fases previas da competición e modalidade deportiva da que se trate (campionatos internos, galegos,...). Cando, por causa xustificada, unha persoa non participara nestes campionatos, poderá ser igualmente seleccionada sempre que cumpra co resto de requisitos establecidos nos criterios de selección da súa modalidade deportiva e quedaran aínda prazas vacantes para que poida ser seleccionada.

Calquera excepción a esta regra deberá ir fundamentada nun informe técnico motivado por parte do persoal da Área de Deportes.

Artigo 9: Renuncias ou non cumprimento dos requisitos de inscrición

No caso de renuncia ou de non cumprimento dos requisitos de inscrición na data establecida pola Área de Deportes, as persoas seleccionadas perderán o seu dereito a participar na competición da que se trate.

Artigo 10: Comisión de Participación en Competicións Externas

Para garantir o recurso contra posibles actuacións contrarias ou non previstas no presente regulamento así como para aplicar o Réxime Disciplinario incluído no mesmo, a Comisión de deportes nomeará una Comisión de participación en competicións externas integrada polas seguintes persoas:

O/A director da Área de Deportes ou persoa en quen delegue.
O/A coordinador da Área de Deportes ou persoa en quen delegue.
1 Técnico/a en Actividades Deportivas do Área de Deportes.

CAPÍTULO 3: COMPROMISOS DA ÁREA DE DEPORTES

Artigo 11: Publicidade.

É obriga da Área de Deportes divulgar debidamente e coa suficiente antelación a existencia de todas e cada unha das competicións deportivas nas que sexa posible a libre concorrencia das persoas pertencentes á comunidade universitaria.

Tamén fará públicos os prazos, criterios e méritos ou probas de selección que serán considerados para seleccionar os/as deportistas que representarán á Universidade da Coruña nas distintas competicións.

Artigo 12: Igualdade de oportunidades.

O persoal técnico da Área de Deportes velará por garantir a igualdade de oportunidades entre as persoas pertencentes á comunidade universitaria, prestando atención a que non se produzan distincións por razón de xénero, modalidade deportiva ou campus, entre outras causas.

Artigo 13: Instalacións deportivas

Para favorecer o bo rendemento nas competicións, os deportistas seleccionados poderán contar cos horarios de adestramento que se estimen necesarios, sempre que a dispoñibilidade das instalacións deportivas así o permita.

Artigo 14: Adestramentos e apoio técnico - deportivo

Naqueles casos nos que se considere oportuno, a Área de Deportes proporcionará aos deportistas seleccionados a asistencia dun adestrador/a responsable tanto do traballo de preparación para a competición como da participación e desenvolvemento na mesma. A asistencia aos adestramentos aos que sexan convocadas as persoas deportistas será obrigatoria, agás causa debidamente xustificada.

Artigo 15: Material e roupa deportiva.

Proporcionarase o material deportivo necesario para unha axeitada participación así como a roupa deportiva oficial a aquelas persoas que sexan seleccionadas para representar á Universidade da Coruña nunha competición externa de carácter oficial. A Área de Deportes publicará anualmente a relación de material e roupa deportiva que lle corresponde ás persoas que representen á Universidade da Coruña nas competicións

externas.

Artigo 16: Desprazamento e aloxamento para a disputa das competicións oficiais de carácter universitario.

A Universidade da Coruña farase cargo da organización do desprazamento e aloxamento para a disputa das competicións deportivas universitarias externas de carácter oficial que se celebren fóra da localidade de estudos ou traballo da persoa participante.

Artigo 17: Xefes de Expedición.

Naqueles casos nos que se considere oportuno, a Área de Deportes nomeará un xefe de expedición que actuará durante o desenvolvemento da competición da que se trate como representante da Universidade e será o responsable último das decisións que se deban tomar.

Artigo 18: Seguro de Asistencia

Todas as persoas deportistas que a Universidade da Coruña desprace a calquera competición deportiva de carácter externo disporán dun Seguro de Asistencia que inclúa a cobertura dos accidentes deportivos e a posible responsabilidade civil.

Artigo 19: Recoñecemento académico pola participación en competicións deportivas

O alumnado que represente á Universidade da Coruña en competicións deportivas oficiais poderá solicitar o recoñecemento de créditos académicos en función do establecido ao respecto polos órganos competentes da Universidade da Coruña.

En todo caso, o alumnado deberá cumprir cos requisitos e obrigas establecidas neste regulamento e noutras normativas da Universidade da Coruña que lle puideran ser de aplicación.

Artigo 20: Almacenamento e Protección dos datos de carácter persoal

A Universidade da Coruña almacenará os datos de carácter persoal facilitados polas persoas inscritas nunha base de datos da súa propiedade, unicamente para a xestión das actividades propias da participación da Universidade nas competicións externas e de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembre, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Estes datos non serán cedidos a terceiros e as persoas usuarias poderán executar os seus dereitos de oposición, acceso, rectificación ou cancelación dirixíndose á dirección de correo electrónico infodeportes@udc.es.

CAPÍTULO 4: OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Artigo 21: Inscripción e compromiso de participación

1.- As persoas que teñan intención de participar deberán cumprimentar o formulario de inscrición dentro do prazo establecido pola Área de Deportes para cada competición, responsabilizándose da veracidade dos datos aportados.

2.- Os deportistas finalmente seleccionados deberán confirmar por escrito dentro do prazo establecido pola Área de Deportes que aceptan ser inscritos na competición e comprométense a participar na mesma.

3.- A través da súa inscrición, as persoas participantes comprométense tamén a ceder ao Área de Deportes os dereitos de imaxe derivados da súa participación na competición deportiva para a que foran seleccionados.

Artigo 22 Delegados/as nas modalidades deportivas de participación colectiva

1.- Nas modalidades deportivas de participación colectiva, as persoas que adquiran o dereito a representar á Universidade da Coruña deberán elixir a unha persoa delegada que actuará como interlocutora ca Área de Deportes.

Artigo 23 Xefes de Expedición

1.- Ao remate da competición, os/as xefes de expedición deberán informar por escrito ao Área de Deportes, nun modelo que se lle facilitará a tal efecto, sobre as incidencias que tiveran lugar.

Artigo 24: Uso da indumentaria oficial

1.- Todas as persoas participantes (xogadores, adestradores, delegados,...) deberán usar a roupa oficial da Universidade da Coruña entregada a tal efecto durante as viaxes de ida e de regreso así como durante a participación nas competicións. Estas prendas deberán vestirse correctamente, gardando o decoro que corresponde á institución universitaria que representan.

2.- Non estará autorizado o uso da roupa oficial da Universidade da Coruña en lugares ou situacións alleas ao contexto deportivo (saídas nocturnas, festas,...) agás autorización expresa da Área de Deportes.

Artigo 25: Comportamento durante a competición

1.- Será obrigatorio competir con deportividade, respectando ao rival e o sentido deportivo da competición.

2.- As persoas participantes serán puntuais e manterán un estrito cumprimento dos horarios establecidos pola Área de Deportes.

3.- Será obrigatoria a asistencia das persoas participantes aos actos oficiais aos que sexan convocados pola organización (acto de apertura, recepcións, entrega de trofeos,...), agás autorización expresa da Área de Deportes.

4.- Estarán prohibidas as actuacións que impliquen condutas consideradas non apropiadas como poidan ser fumar en lugares onde non estea permitido, o consumo irresponsable de bebidas alcohólicas, consumo de drogas, non respectar os horarios de descanso do resto de participantes, alterar o normal funcionamento do lugar de concentración ou incumprir as instrucións dadas pola Área de Deportes.

Artigo 26 Responsabilidade sobre o material

1.- As persoas participantes serán as responsables da roupa e material deportivo que a Área de Deportes lles entregue, debendo asinar un documento de recepción do mesmo.

2.- A roupa e material deportivo en calidade de empréstamo deberá ser devolto nun prazo máximo de 7 días dende a finalización da competición momento no cal asinarase un documento de entrega do mesmo. No caso dos deportes colectivos, a responsabilidade sobre todo o material entregado a un equipo recaerá na persoa nomeada como delegada deste. No caso de que falte algunha peza da indumentaria ou do material a devolver, a persoa delegada será a responsable en primeira instancia do seu reintegro, salvo que lle comunique ao Área de Deportes todos os datos do posuidor ou posuidores da/-s prenda/-s pendentes de entrega.

2.- No caso de non ser devolto parte do material ou da roupa emprestada, a Área de Deportes, logo da comunicación e notificación da sanción polo Comité de Participación en Competicións Externas, resérvase o dereito a emprender as accións necesarias para conseguir a devolución íntegra do material prestado ou, no seu defecto, o valor económico equivalente.

Artigo 27: Normas de Disciplina Deportiva propias de cada competición.

Todas as persoas que formen parte das seleccións universitarias deberán cumprir as esixencias recollidas nas Normas de Disciplina Deportiva propias da competición na que se vaia a participar. O incumprimento destas normas poderá levar aparellada unha sanción por parte da Área de Deportes a maiores da imposta polo Comité Organizador.

CAPÍTULO 5: RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 28: Faltas moi graves

1.- Non asistir, sen causa xustificada, a un campionato ou proba para a que a persoa fora seleccionada e inscrita cando a comunicación desta non asistencia sexa menor de 10 días respecto do inicio da competición.

2.- Non comparecer, sen causa xustificada, a unha proba ou encontro durante a celebración dun evento ou campionato.

3.- Adoitar unha actitude pasiva, non competitiva ou irrespectuosa cos contrarios, os xuíces, os organizadores ou cos seus propios compañeiros durante a celebración dun encontro ou proba deportiva.

4.- Agredir, intentar agredir ou ameazar a outro participante na competición deportiva, a un espectador ou a calquera outra persoa que forme parte da organización do evento.

5.- Incumprir os compromisos ou faltar a veracidade dos datos proporcionados ao Área de Deportes no momento da inscrición.

Artigo 29 Faltas graves

- 1.- Non asistir, sen causa xustificada, a un campionato ou proba para a que a persoa fora seleccionada e inscrita cando a comunicación desta non asistencia se realice entre 7 e 14 días respecto do inicio da competición.
- 2.- Non asistir a algún acto oficial convocado pola organización da competición (acto de apertura, recepcións, entrega de trofeos,...) cando as persoas participantes foran informadas previamente da súa convocatoria ao mesmo.
- 3.- Non devolver, total ou parcialmente, e sen causa debidamente xustificada a roupa ou o material que lle fora entregado en calidade de empréstito.
- 4.- O consumo irresponsable de bebidas alcohólicas ou fumar en lugares inadecuados, consumo de drogas, non respectar os horarios de descanso do resto de participantes, alterar o normal funcionamento do lugar de concentración ou incumprir as instrucións dadas polo Área de Deportes.
- 5.- Adoitar actitudes ou ter comportamentos que poidan ser considerados como non apropiados ou supoñer prexuízos graves para a imaxe da Universidade da Coruña.

Artigo 30 Faltas leves

- 1.- Non asistir, sen causa xustificada, a un campionato ou proba para a que a persoa fora seleccionada e inscrita cando a comunicación desta non asistencia sexa maior de 14 días respecto do inicio da competición.
- 2.- Non informar ao Área de Deportes das incidencias ocorridas durante o desenvolvemento da competición.
- 3.- Ser expulsado ou excluído da competición por mor de condutas antideportivas sempre e cando non sexan consideradas como faltas de maior gravidade.
- 4.- Adoitar actitudes ou ter comportamentos que poidan ser considerados como non apropiados ou supoñer prexuízos graves para a imaxe da Universidade da Coruña sempre e cando non sexan consideradas como faltas de maior gravidade.
- 5.- Facer un uso inadecuado da indumentaria oficial.

Artigo 31 Sancións

Faltas Moi Graves:

Perda do dereito a participar en actividades organizadas pola Área de Deportes, facer uso das instalacións deportivas universitarias e/ou representar á Universidade da Coruña en competicións externas, durante un período de 1 a 3 anos, sen prexuízo daquelas outras que lle poidan corresponder en aplicación do Regulamento de Disciplina Académica legalmente vixente.

Faltas graves:

Perda do dereito a participar en actividades organizadas pola Área de Deportes, facer

uso das instalacións deportivas universitarias e/ou representar á Universidade da Coruña en competicións externas, durante un período de 6 meses a 1 ano, sen prexuízo daquelas outras que lle poidan corresponder en aplicación do Regulamento de Disciplina Académica legalmente vixente.

Faltas leves:

Perda do dereito a participar en actividades organizadas pola Área de Deportes, facer uso das instalacións deportivas universitarias e/ou representar á Universidade da Coruña en competicións externas, durante un período de ata 6 meses, sen prexuízo daquelas outras que lle poidan corresponder en aplicación do Regulamento de Disciplina Académica legalmente vixente.